

EVOX VERTICAL



"Gústame a escalada e pensei que sería estupendo traballar na miña afección"

Ignacio Rodríguez Basanta

Datos básicos

Actividade:	Traballos en altura (limpezas, pintura, instalacións, reparacións, etc.)
Sector de actividade	Actividades de construción e reforma
Nº empregados	3
Inversión inicial	24.000 €
Financiamento inicial:	O investimento inicial foi financiado con fondos propios e unha subvención da Consellería de Familia por importe de 3.000 €.
Web:	
Municipio:	Xove, Lugo
Ano creación:	2002

Descrición do proxecto

Realizamos todo tipo de traballos en altura. Desde pequenas obras en altura ata limpezas, pintura, instalacións, reparacións, etc. Todos os nosos traballos se caracterizan por non utilizar estadas, e niso radica o beneficio para o cliente, xa que supón un aforro importante en diñeiro e tempo.

En vez de estadas, utilizamos unha cesta elevadora de 200 metros. Utilizamos esta cesta sobre todo en inverno, cando andar polos tellados non é seguro debido á chuvia, o frío e o xelo. Cando non é posíbel utilizar a cesta debido a que a altura supera os 200 metros ou á imposibilidade de amarre metálico, nos mesmos colgámonos con material de seguridade de escalada ou mesmo utilizamos unha escada de 16 metros.

A cesta elevadora axiliza enormemente os traballos en pintura. O traballo é moito máis eficaz e barato que cando se utilizan estadas. Ademais, aos veciños dos inmóbeis non lles gustan en xeral as estadas porque aumentan o risco de roubos.



Datos empresa

Claves do éxito

- Dedicación plena e moitas gañas de traballar sen contar as horas dedicadas. Durante a semana, realizamos traballos e o fin de semana vou ver obras, falo con clientes potenciais, fago orzamentos, ...
- Aforro en tempo e diñeiro que supón para o cliente non utilizar estadas.
- Falta de competencia (aínda que o lado negativo é que tivemos que abrírnos un mercado totalmente novo, o cal esixe un enorme esforzo comercial).

Situación actual

Na actualidade estou a tratar de desenvolver a oferta de obra interior, de cara ao inverno, xa que a demanda de obra exterior acostuma reducirse de forma considerábel. Ademais o clima é demasiado duro para traballar en inverno no exterior.

Conto con dous empregados e teño o proxecto de investir nunha grúa.

Perfil cliente

Os meus clientes potenciais son particulares e comunidades de veciños. De momento non traballamos con empresas promotoras de vivendas, porque nos resultan menos interesantes xa que traballan en condicións moito máis desfavorábeis para nos. Propoñen nas súas negociacións condicións moi duras, a nivel económico e nos prazos de pago. De momento, ademais, vémonos saturados de traballo, e preferimos traballar con clientes pequenos, que non acostuman fallar e, en caso de impago, a cantidade perdida é moi pequena.



Idea inicial

A idea xurdiume fai xa bastante tempo. Viaxei moito e traballei en moitos sectores e entornos diferentes. Esa vida gustábame moito, pero chegou un momento en que comecei a buscar unha estabilidade no traballo e na miña residencia, asentarme nun sitio e gañarme a vida alá. Pensei en varios proxectos que podía desenvolver en Xove e pensei que sería estupendo montar unha empresa na que puidese desenvolver a miña afección. Facendo escalada, o ideal era montar unha empresa de traballos en altura.

Principales dificultades y amenazas futuras

Unha das principais dificultades foi a reticencia da xente a asimilar esta nova forma de traballar. Cando lles ofrecíamos o servizo e lles falábamos de traballos en altura, por ser unha forma nova de traballar e non estar familiarizados, mostraban un certo rexeitamento. Ademais á xente, en xeral, non lle gusta que unha persoa ande polos seus tellados, créalles inseguridade. Por este motivo e pola dureza do clima na zona, decidimos mercar a cesta elevadora.

En canto a posibles ameazas futuras, pensamos na redución da demanda durante o inverno, porque a xente acostuma facer as obras en verán. Pero tentaremos reenfocar a nosa oferta en inverno a traballos de interiores. Para obras grandes de pintura, necesito apoio técnico, así que busco asociarme puntualmente cun empresario pintor que necesita apoio comercial. Posto que eu teño os clientes, complementámonos e construímos unha asociación beneficiosa para ambos.

Perfil promotores

O promotor aporta formación profesional de segundo grao na especialidade de torneiro-fresador. Ademais aporta experiencia laboral en múltiples sectores (construción, hostalería, etc.).

Pero o máis importante en relación á súa empresa é a súa grande afección á escalada. Ten 15 anos de experiencia neste deporte e está familiarizado coa altura. Esta é a razón pola que se decidiu a desenvolver o seu proxecto.

Aptitudes necesarias

A capacidade de traballo e ser moi loitador e teimudo.



Guía de Actividad

Empresas de reformas (www.guias.bicgalicia.es)

Motivacións

**Dedicarme ao que me gusta
O reto que supón**

**A independencia que proporciona
Gañar cartos**

Formación

¿Recibiui información específica sobre a creación de empresas?

Non.

¿Considera importante recibir formación específica sobre creación de empresas para desenvolver con éxito un proxecto empresarial?

É importante, pero non é imprescindible. O importante neste caso (se non contas con formación empresarial) é saber rodearte da xente axeitada, un bo equipo. No meu caso, recorrín á axuda dun bo xestor e da TLE de Xove.

Anecdotalio

Ao principio non nos dábamos conta, pero despois descubrimos que á xente non lle gustaba que camiñáramos polos seus tellados. En parte, por esa razón mercamos a cesta elevadora.

